

Comentarios recollidos do [blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. Este libro é moi emocionante e fácil de ler. Trata dunha mancha verde e brillante que hai no océano, preto da costa coruñesa. Entón unha embarcación decide ir facéndose pasar por pescadores que van faenar alí. Alba, a protagonista e irmá de Lois un home que vai participar na misión, decide ir de polisón, é dicir, entrar no barco un pouco antes de que comezase a misión e manterse oculta ata que, cando a descubriran, ... Menos mal que Alba decidiu cometer esa "loucura" ... En xeral, este libro encantoume porque aínda que ten fantasía esta escrita nun fondo real. **(Rafael)**

2. O libro conta a historia dunha nena que se chama Alba. O seu irmán é ecoloxista, e ela vive nunha casa en Pontebranca. Ámbolos dous entéiranse de que apareceu unha mancha brillante na fosa atlántica, unha fosa mariña que se atopa a 700 Km de Galicia. Eles pensaron que era consecuencia dos vertidos que se botaran alí fai varios anos. Tamén o pensaron os dirixentes da OTAN, que foron alí a investigar, e descubriron que o que aparecerá na auga ... Iso non lles gustou aos da OTAN, que ... Con iso conseguiron ... O libro é moi intrigante, especialmente cando os da OTAN descubren que o que se atopaba na auga eran ... A min o libro gustoume moito. É un dos mellores libros que lin neste curso. **(José Manuel)**

3. Este libro trata de dous irmáns, un capitán dun barco, unha bióloga e xornalistas. Eles todos viven en Pontebranca, unha localidade da Coruña. Un día, nos xornais, aparece que na fosa atlántica hai unha mancha grandísima e fosforescente, como sempre, este grupo de persoas quere saber que é e deciden realizar unha expedición, pero sen a irmá do irmán. A irmá entéirase da expedición e ela vai escribindo no diario que ten, todas as noites, o que lle ocorre. Ela ... Como rematará o libro? Se o queres saber, leo, recoméndocho. Non é de risa nin de comedia pero asegúroche que unha vez que o esteas lendo non o queres soltar. Cólleo na biblioteca ou cómprao en calquera librería, é barato. En fin, a min gustoume moito excepto que tiveran que destruír ...? **(Alejandro)**

4. O libro encantoume e fíxoseme un pouco curto de máis. Trata da investigación que fan os de Greenpeace sobre unha mancha que aparece no mar, estes pensaban que era a causa dos verquidos tóxicos pero só se trataba de... O final deixo que o averigüe a xente que o vaia a ler, en xeral eu lle lo recomendo a todo o mundo. **(Eligio)**

5. Por fin un libro que non é de misterio e intriga. Xa o estaba desexando. Ademais despois de ler tantas cousas aburridas e sen sentido topei cun libro divertido, simpático e que sobre todo fíxome pasar un bo rato e iso agradézollo ao autor. Por outra parte, a pesar de ser divertido foi unha obra demasiado imaxinaria no que se mesturaba a realidade coa ficción e iso xa non me gustou nada. Pareceume unha narración sen fallos; perfectamente escrita cun gran dominio sobre o idioma. Para rematar interesoume moito a información dos anexos e a min gustárame que fosen máis longos. **(David)**

6. O libro trata dunha mancha fluorescente na fosa atlántica, que pensaran que eran verquidos tóxicos, pero en realidade eran ..., os de ADEGA fixeron unha investigación á que Alba, a protagonista, foi escondida no barco sen que a viran ata quedar ben lonxe para que o seu irmán Lois non a levara para a casa. Alba ía escribindo todas as noites todo o que lle acontecía. Eles ían de incógnitos nun barco pesqueiro e unha noite foron ... e o resto non o podo contar senón perde o interese! A min persoalmente gustoume moito o libro, é moi interesante e non me esperaba nada novo, aínda que é moi curto. Recomendollo a todo o mundo. Saúdos! **(Silvia)**

7. O libro non me gustou nada, é irrealista e aburrido, segue a mesma liña de tódolos libros que lemos ata agora de galego: un misterio irrealista, que ocorre nun pobo descoñecido e que uns rapaces van descubrir o que é (coma o misterio das badalas e moitos outros. Este trata duns pescadores que atopan unha mancha verde na fosa atlántica. ... **(Lucía)**

8. O seu autor é Agustín Fernández Paz, que naceu en Vilalba (Terra Chá luguesa). O autor escribiu outras novelas infantís e xuvenil. O libro foi merecedor do premio Merlín no 1989. A historia desenvólvese en Pontebranca, na beiramar galega. A personaxe principal é Alba, unha nena que é irmá de Lois, un naturalista membro da ADEGA. Tamén son mencionados Xabier (amigo de Alba), o xeneral Mc Logan e outros membros da OTAN. Neste libro nárrese a aventura de Alba, que quere, xunto o seu irmán, descubrir o que hai detrás do misterio da fosa Atlántica. Hai anos os países europeos botaban os seus refugallos radioactivos a esta e agora unha intensa luz sae desa zona. Os da OTAN e os da ADEGA van ate a fosa. Que pasará? O autor descúbrenolo a través dunha trama intercalada entre historia real e o diario de Alba. É unha novela de misterio, pero non me intrigou moito porque xa coñecía o final. Non logrou cata-la miña atención, porque ao ler os comentarios do libro reveláronme a trama da historia. Por iso creo que os comentarios

non deben dicir os puntos clave do libro porque perde emoción e interese. O vocabulario é fácil de entender, non ten complicacións. O cal fai a lectura amena. Recomendoo, pese os meus comentarios sobre o libro. Porque creo que se non chego a coñecer o final o libro gustaríame. **(Antonio)**

9. O libro non me gustou moito. Paréceme algo aburrido para o meu gusto, non ten nada de intriga nin de misterio. Trata dunhas plantas no océano que son luminosas e un grupo de investigadores exploran o terreo das estrañas ... Ó final descubren que hai tempo... **(Adrián)**

10. A min a libro non é que me encantase pero estivo ben. Este libro lese moi rápido é non ten ningunha dificultade e por iso penso que non debería ser un libro voluntario para 2º da ESO se non que debería ser para un neno de 9 anos. Aínda que había cousas do libro que me gustaron, habían outras que non. Unha das cousas que non me gustou foi que o cheiro ... fose un cheiro pacifista e que os militares que o uliron ... Isto paréceme a única cousa que foi irreal, polo demais supoño que podería ocorrer. Iso si, o que máis me gustou do libro foi a maneira que fixo o autor para contar a historia: nuns capítulos a historia contábase tal e como estaba transcorrendo e noutros contábo Alba, que é a protagonista, a través do seu diario. A pesar de todo o que dixen animo a xente a que lo lea. **(Alexandre)**

11. É un libro moi curto e fácil de ler. O libro non está mal pero creo que o final é moi irreal e curto, conta moi brevemente que no mundo ..., creo que se debería alongar un pouco o final. O libro conta a historia na que uns pescadores atopan unha mancha verde na fosa atlántica onde anteriormente botaran residuos radioactivos. Alba a protagonista métese de polisón no barco de seu irmán que vai a investigar. mentres a OTAN descobre que a mancha verde .. **(Xoana)**

12. Alba é un rapaza irmá dun dos principais socios da asociación ecoloxista de Adegá. Nas noticias falan dunha gran mancha brillante que apareceu na fosa do Atlántico posiblemente causada polos verquidos radioactivos que hai no fondo do mar. Así que, os de Adegá deciden ir nun barco que asemella ser pesqueiro a indagar que é o que ocorre para que saía a luz a verdade xa que os do goberno queren que non se saiba nada. Ao chegar atópanse cunha gran sorpresa e é que a mancha está formada por ... O libro pareceume moi interesante e tamén moi divertido. Recomendoo ler. **(Victor)**

13. Gustoume moito o libro sobre todo porque conta unha historia moi distinta á que todos estamos acostumbrados a ler. Non conta como un grupo de nenos resolve un misterio nin é unha mestura de distintos contos. Este é un libro cunha historia continua e distinta, quizais algo fantasiosa e ficticia pero ao mesmo tempo entretida e divertida. É unha lectura moi sinxela e rápida. Tamén teño que dicir que me pareceu moi interesante a información contida nos anexos. Recomendo este libro xa que me gustou e entretívome mentres que o lía. **(Elena)**

14. O libro fala de que no medio do océano había unha mancha brillante. Os da Adegá, que eran un grupo ecoloxista como o Greenpeace ós que lle preocupaba moito esta mancha porque dicían que era debido ao vertido de residuos orgánicos. Os da Adegá deciden facer un expedición para averiguar de que se trataba aquela mancha. Alba, a protagonista, métese no barco coa axuda do ... O libro gustoume pero os teño visto mellores. **(Jorge)**

15. Gustoume moito por que é moi interesante e vai dunha nena que se chamaba Alba, que ten un irmán ecoloxista que vive en unha casa de Pontebranca. Máis adiante descubren unha mancha na fosa Atlántica na costa Coruñesa que eran ... **(Alex)**

16. Este libro é moi emocionante e fácil de ler. Trata dunha mancha verde e brillante que hai no océano. Ámbolos ... **(Iago)**

17. Este libro é moi emocionante e fácil de ler. Trata dunha mancha verde e brillante que hai no océano, preto da costa coruñesa. Entón unha embarcación decide ir facéndose pasar por pescadores que van faenar alí. Alba, a protagonista é irmá de Lois un home que vai participar na misión, decide ir de polisón, é dicir, ... **(Adrián)**

18. O libro trata dunha nena, Alba, que escoita na radio a noticia de que un pesqueiro atopou unha mancha brillante no medio do mar. O seu irmán que pertence á organización ecoloxista, chamada ADEGA vai ir cuns compañeiros a ver que pasa alí, xa que os do OTAN non dan ningunha noticia. Alba metese de polisón no barco sen que ... O libro gustoume é fácil de ler e gústame o relato que está a contar. **(Irene)**

19. É un libro interesante ata o final, pero o desenlace é moi curto. Aínda así recomendo este libro para os seguintes cursos. **(Alberto)**

20. Este libro non me gustou moito. O libro conta a historia dunha nena que se chama Alba. O seu irmán é ecoloxista, e ela vive nunha casa en Pontebranca. Ámbolos dous entéiranse de que apareceu unha mancha brillante na fosa atlántica, unha fosa mariña que se atopa a 700 Km de Galicia. Eles pensaron que era consecuencia dos vertidos que se botaran alí fai varios anos. Tamén o pensaron os dirixentes da OTAN, que foron alí a investigar, e descubriron que
(Alex)

21. Na fosa atlántica apareceu unha estraña mancha moi brillante que din que é radioactiva. Os da Adegas, unha asociación pacifista, cren que esa mancha brillante é debido a uns vertidos que uns anos antes se verteran alí. Alba, é a irmá dun membro dos da Adegas e ao enteirse que algúns membros da Adegas van ir alí a investigar sobre elas decide meterse no barco de polución. Ao final resulta que ... (Andrea)